

MEMORIA DE ACTIVIDADES ANUAL

2017-2018

ANPA do CEIP Eduardo Pondal

1. Introducción

Procedemos a elaborar a memoria anual de actividades, co obxectivo de deixar constancia das actividades realizadas pola asociación durante o curso pasado.

Remitimos unha copia da presente memoria á Dirección do centro para o seu coñecemento e publicaremos na web da ANPA.

2. Actividades realizadas durante o curso escolar 2017/18

- Posta en marcha e seguimento da actividade “**Xogando coa lingua**” impartida por Well Spoken. Segundo ano
- Posta en marcha e seguimento da actividade de Robótica.
- Coa subvención que nos dou o concellería de cultura e educación, subvención de 400 euros que levan todas as asociacións do concello mercamos taboeiros e xogos para a actividade de xadrez e un lote de xogos para o alumnado de Educación Infantil.
- **Reis Magos** (puxéronse os reis cos traxes que nos cederon no cole, reparto de bolsiñas con caramelos e agasallo dunha foto de grupo para cada neno/a)
- Marzo
- Visitou o colexio a asociación protectora de animais APADAN para impartir unha charla aos nenos e nenas e recaudar fondos para mercar produtos variados para cans . A resposta das familias foi moi boa.
- Abril
- Actuación do mago Bugarín para todo o alumnado. Actuación sufragada nun 77 % cunha subvención que solicitamos á Deputación de A Coruña e un 33 % con fondos da asociación.
- Maio

- Por petición de varias familias solicitamos ao concello o programa madrugadores que consiste en dar servizo de desaiiuno e custodia aos nenos, abrindo as instalacións do cole antes do horario lectivo. Este servizo que funciona en algún colexio de Carballo, ao final non se puido implantar porque non reuníu un número suficiente de interesados.
- Organizamos unhas **xornadas informativas na biblioteca municipal de Ponteceso** sobre as probas de diagnóstico externas para o alumnado de 3º e 6º de primaria e 4º da ESO en colaboración coa Federación provincial de ANPAs da Coruña-Costa da Morte.
- Xuño
- **Festival con P de Pondal.** Colaboración económica da ANPA co colexio para a celebración do segundo Festival P de Pondal (fin de curso)

Ao longo do curso:

- **Reunións co Equipo Directivo:**
Mantivemos varias reunións co Equipo Directivo do cole para tratar temas moi variados que afectan a vida escolar dos nosos fillos/as. Destacamos os seguintes:
 - Festa dos Reis magos.
 - Colaboración no Proxecto de cambio de xornada partida a continuada
 - Creación da comisión de convivencia e comisión de comedores no Consello Escolar
 - Certame de debuxo para os murais do patio dos pequenos.
 - Seguimento das obras para a instalación dun ascensor.
- **Reunións institucionais:**

- o **Concello:**

Ao longo do pasado curso mantivemos varias reunións con distintos representantes municipais: alcalde, concelleiro de educación, técnica de cultura e deportes, servizos sociais...co obxectivo de solicitar a súa intervención en diferentes asuntos:

- Arranxos pendentes no colexio.

- Asumir o gasto en pintura necesaria para a realización dos murais no patio dos máis pequenos. Axuda concedida.
- A adaptación do horario das actividades extraescolares promovidas polo concello ao novo horario lectivo do colexio.
- A ampliación da oferta das actividades extraescolares organizadas polo Concello
- Solicitado en Servixos Sociais o programa madrugadores

No concello asistimos ás reunións convocadas polo **Consello Escolar Municipal**, que está constituído por persoal docente dos distintos centros de ensino de Ponteceso, persoal do concello, da Administración educativa, de sindicatos e membros das distintas ANPAs.

- **Inspector de Educación:**

Solicitamos

- Autorización para o uso das instalacións do colexio para a realización de actividades extraescolares que promove a ANPA (Robótica e Inglés)